

ACHEGAMENTO PSICO-SOCIAL Á INMIGRACIÓN DENDE O TRABALLO SOCIAL

Carmen Verde Diego

Profesora Titular E.U. de Traballo Social. Universidade de Vigo

Artigo en prensa: *Fervenzas*,
Revista do Colexio Oficial de Traballadores sociais de Galicia, nº9

RESUMO: ACHEGAMENTO PSICO-SOCIAL Á INMIGRACIÓN DENDE O TRABALLO SOCIAL

Neste artigo quixera por a debate algunhas reflexións en torno a intervención social con inmigrantes dende o Traballo social en Galicia co obxecto de que poidan servir, na medida do posible, como suxestións para a mellora da atención social a este colectivo.

Con este propósito, a primeira parte do artigo comeza cun análise sobre o concepto da inmigración, unha breve síntese do número de inmigrantes en Galicia e o esbozo das principais problemáticas que sofren os inmigrantes residentes en Galicia. Continúa cunha relación das intervencións sociais máis habituais respecto aos inmigrantes realizadas na Comunidade Autónoma galega tanto dende o ámbito público como dende o privado. Non pretende ser un listado exhaustivo senón dar conta das principais actuacións realizadas en Galicia en relación á inmigración. Despois desta parte descritiva o artigo propón unha reflexión sobre aspectos psico-sociais habitualmente pouco valorados nos programas de intervención social con poboación inmigrante dado que non se soe analizar o proxecto migratorio dos inmigrantes. Por último, se presentan algunhas propostas de actuación dende a o traballo social que pretenden recoller os aspectos antes analizados.

O artigo se desenrola a través dos seguintes apartados:

- Algunhas cuestións preliminares: os conceptos, os datos e as problemáticas máis habituais dos inmigrantes en Galicia
- A intervención social con poboación inmigrante en Galicia dende o ámbito público e o ámbito privado
- Achegamento psico-social á poboación inmigrante a partir do proxecto migratorio
- Suxestións sobre a intervención social con poboación inmigrante dende o traballo social

1.- ALGUNHAS CUESTIÓNS PRELIMINARES SOBRE A INMIGRACIÓN

1.1.- OS CONCEPTOS

Non pretendo estenderme na análise conceptual sobre a inmigración en Galicia, nin na recollida de datos sobre inmigrantes na nosa Comunidade autónoma. Tampouco é a miña intención desmenuzar as teorías que explican os movementos migratorios. Existe xa unha ampla bibliografía sobre estas temáticas¹ e incluso recompilacións

¹ Véxase a bibliografía deste artigo.

bibliográficas² que nos poden axudar aos traballadores sociais, e ao resto dos traballadores da acción social, a incidir máis nalgún aspecto específico da inmigración.

Con todo, non podo deixar de facer algunhas aclaracións preliminares sobre a inmigración que nos sitúen a todos no mesmo contexto conceptual inicial.

¿De qué persoas estamos a falar cando falamos de “*inmigrantes*” ou de qué colectivo cando dicimos “*inmigración*”?

Aínda que poida parecer unha aclaración obvia, é necesario lembrar que aquela persoa que marcha de onde vive é un “emigrante” e o que chega a un lugar determinado para residir nel de xeito estable é un “inmigrante”. A inmigración, como a emigración, poden ser *interior* ou *exterior*; é dicir, poden chegar a residir nunha Comunidade autónoma persoas de nacionalidade española orixinarias e/ou procedentes doutras Comunidades autónomas ou, polo contrario, poden vir a vivir a España e as súas respectivas Comunidades persoas procedentes do estranxeiro. Hai que caer na conta de que do “estranxeiro” poden proceder tanto persoas de nacionalidade “estranxeira” como persoas de nacionalidade “española”. Polo tanto os *inmigrantes* que chegan a Galicia de fora de España poden ser españois ou estranxeiros.

Cando se abordan estudos sobre procesos migratorios en Galicia é importante este matiz porque a alta incidencia na nosa Comunidade de “emigrantes retornados” pode xerar confusións. Este feito dota de especificidade a inmigración en Galicia como subliña J.Hernández Borge (2003, 158-159):

“A case totalidade dos inmigrantes chegados a Galicia entre 1983 e 2001 (76,82%) son de nacionalidade española, sendo unha minoría os estranxeiros (23,18%) feito que diferencia considerablemente a esta rexión do conxunto de España, onde se da unha situación inversa (...) A maior parte destas altas padronais corresponden a emigrantes galegos que retornan, nalgúns casos acompañados por familiares que poden ser de outras rexións españolas ou de nacionalidade estranxeira (por matrimonios mixtos).”³

O “emigrante retornado” é, *en principio*, un español –no caso de Galicia, un galego- que emigrou fora de Galicia á España ou ao estranxeiro durante un período de tempo e que decidiu regresar ao seu país de orixe. Subliñamos *en principio* porque en España a consideración de “emigrante retornado” outórgase (pola lexislación relativa á nacionalidade) tanto ao propio emigrante como aos fillos e netos deste, os cales, na diáspora, e polas razóns que fose, puideron ter perdido a nacionalidade española⁴.

“É máis, moitos dos inmigrantes de nacionalidade estranxeira, sobre todo dos procedentes do outro lado do Atlántico, son descendentes en segunda ou terceira xeración de antigos emigrantes galegos que, ante as dificultades que sofren nos

² Vázquez Aguado, Octavio (2005), “Análisis de la Literatura Profesional en torno a la Inmigración y la Educación Intercultural 1982- 2000”. *Servicios Sociales y Política social*, nº 65, “Trabajo social y salud II”.

³ Tradución da miña autoría.

⁴ Moitos/as dos/as fillos/as e netos/as de galegos/as emigrantes ao estranxeiro non teñen a nacionalidade española. Nalgúns casos por non ter sido rexistrados nos respectivos consulados e embaixadas, noutros porque algunhas mulleres españolas perderon a súa nacionalidade ao casar con nacionais de países iberoamericanos que non permitían que elas conservasen unha nacionalidade diferente á do esposo. Isto supuxo a perda da nacionalidade española tanto para estas mulleres como para os seus descendentes varóns e mulleres. Dende o ano 2000, en España, se teñen acelerado os trámites para a recuperación da nacionalidade española destas persoas.

seus países, lembran a terra de orixe dos seus antepasados e tratan de conseguir nela unha vida mellor” (J.Hernández Borge, 2003: 158-159) ⁵

Ate o momento en que estes *descendientes* de galegos volvan a recuperar a nacionalidade española son *legal e xuridicamente* considerados “estranxeiros”⁶ e a aplicación da lexislación que regula os seus deberes e dereitos é a “lei de estranxeiría”⁷. Isto é así, en tanto en canto non existe –nin podería existir- unha lexislación específica para “inmigrantes”⁸ xa que este concepto é simplemente sociolóxico e non xurídico como o concepto de “estranxeiría” que remite a aquela persoa que non posúe nacionalidade española; é dicir que non ten “pasaporte español” (Izquierdo Escribano, 1994; Verde Diego, 2001).

Aclarada esta cuestión, do que se vai a falar neste traballo é de *inmigrantes* e da *inmigración*; de persoas que se teñen instalado a vivir en Galicia procedentes –neste caso- do estranxeiro⁹ con independencia de que teñan nacionalidade española ou estranxeira.

Desta maneira incluímos aquí tamén os *emigrantes retornados* e os seus descendentes, fillos e netos de galegos que, en moitos casos, pisan por primeira vez nas súas vidas a terra galega. Esta inclusión da *emigración de retorno* ven xustificada polo feito de que as dificultades que desexo resaltar neste artigo –as emocionais- afectan tanto aos emigrantes retornados como aos inmigrantes en xeral¹⁰. Por outra banda, a indistinción nas fontes estatísticas entre *emigrantes retornados* e *inmigrantes* “a secas” obriga a tratalos cuantitativamente como semellantes¹¹. Son bastantes os investigadores que reiteran as dificultades de investigar por separado o colectivo “inmigrante” daquel

⁵ Tradución da miña autoría.

⁶ Para solicitar a nacionalidade teñen que ter residido legalmente en España como mínimo durante un ano. Tempo no cal terán que someterse a Lei de estranxeiría e as súas condicións.

⁷ A lexislación en vigor sobre estranxeiría, a *Lei Orgánica 14/2003, de 20 de novembro que modifica a Lei Orgánica 8/2000, de 22 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social* regula tódolos dereitos e obrigacións dos estranxeiros que teñen inmigrado a España e que residen nalgunha das súas Comunidades autónomas, incluída Galicia.

⁸ Cando os emigrantes proxectan o seu retorno a lexislación asociada atópase recollida nas “Guías do retorno” que publican o Ministerio de Asuntos Exteriores e as diferentes Comunidades autónomas: XUNTA DE GALICIA (2001), *Emigrantes retornados. Manual de Información*. Servizo Galego de Colocación e Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Reeditada en 2002 e en 2003 con lixeiras variacións: XUNTA DE GALICIA (2002), *Guía del emigrante retornado*.

⁹ Para o tipo de reflexión que imos a realizar non é relevante a inmigración galega procedente doutras Comunidades autónomas do Estado español.

¹⁰ Existe unha profunda diferenza entre os emigrantes retornados e os inmigrantes en xeral que nos levan de novo a categoría “xurídica” destes colectivos: a estranxeiría ou a nacionalidade. Para un emigrante retornado é máis doado obter a nacionalidade, se non a posúe xa, que a calquera outro inmigrante. A nacionalidade a súa vez facilita a “residencia” e o “traballo” no país. A estranxeiría ou non das persoas e a súa residencia “legal” ou administrativamente “irregular” así como o permiso ou non de traballo comporta toda unha serie de consecuencias e preocupacións para os inmigrantes (Verde Diego, 2001).

¹¹ As fontes estatísticas máis usadas para o análise dos movementos migratorios son as altas nos Padróns municipais publicados desde 1983 polo Instituto Nacional de Estatística –INE- nos Anuarios estatísticos de España (aínda a fiabilidade dos padróns é cuestionable en tanto que poden non darse de alta residentes, en especial, *sen papeis*). Para o estudo da emigración de retorno, ademais dos sinalados son útiles as Estatísticas de Variacións residenciais -EVR-, o Censo Electoral de residentes ausentes e os censos consulares. En Galicia hai que engadir a publicación dos “Movementos migratorios de Galicia” publicados polo Instituto Galego de Estatística –IGE- dende 1992. Sen embargo, estes últimos, a pesar de ofrecer altas padroais por municipios, non facilita o país de procedencia dos inmigrantes nin outras características específicas.

formado polos “emigrantes retornados” dados as limitacións de acceso a *información detallada* nas fontes (J.Hernández Borge, 2003: 157; J.B.Vilar 2003: 262-263)¹².

1.2.- OS DATOS

Galicia sigue a ser a Comunidade Autónoma de España con maior índice de emigrantes hoxe en día (29'3%) seguida de cerca por Andalucía (27'5%). Esta pode ser unha boa razón para comprender que estas dúas Comunidades teñan as taxas de retorno máis altas de España e que este retorno estea aumentando significativamente nos últimos anos (Egea Jiménez- Rodríguez Rodríguez- Nieto Calmaestra, 2004; Álvarez Silvar, 1997; Álvarez Silvar- Izquierdo Escribano, 1997).

Galicia ten sido a Comunidade con maior *emigración de retorno* de España no último quinquenio do que se atopan datos completos, ou sexa, entre os anos 1999-2003, alcanzando un total de 41.369 emigrantes retornados¹³. Por esta razón, a emigración de retorno constitúe en Comunidades como a galega un elemento engadido e diferenciador dos procesos de migración do resto do Estado.

En cuanto os estranxeiros residentes legalmente en Galicia as últimas cifras indican que son 69.363 os inmigrantes sen pasaporte español instalados a vivir na nosa Comunidade e censados nos nosos concellos en 2005 (INE, 2005). A súa proporción respecto aos inmigrantes residentes no resto de España (6%) é baixa non superando o 2.5%. De tódolos estranxeiros residentes en Galicia tan só un 10% se instalou a vivir en Lugo e un 16% en Ourense; na provincia de Pontevedra reside, sen embargo, case o 40% de todos eles e na Coruña encontramos cerca dun 35%. A “incidencia” da poboación “inmigrante” en Galicia aínda é escasa respecto ó número total da poboación en Galicia (2.5%) e se atopa puntualmente concentrada nas urbes galegas do literal -A Coruña, Ferrol, Vigo- e nalgunha pequena vila onde as redes migrantes teñen tido un efecto chamada para determinados colectivos como en Burela (Lugo) coa comunidade caboverdiana, ou en Arteixo (A Coruña), Xinzo de Limia (Ourense) ou Paredes-Vilaboa (Pontevedra) coa comunidade marroquí.

Non nos alargaremos nos datos que se poden atopar detalladas noutros artigos deste monográfico¹⁴ pero si subliñarei que case o 57% dos estranxeiros que residen en Galicia son de orixe iberoamericano, o 32% son de procedencia europea e tan só o 9% procede de África e o 2% de Asia.

1.3.- AS PROBLEMÁTICAS MÁIS HABITUAIS DO COLECTIVO INMIGRANTE

¹² Estas dificultades resultaron ser tamén a principal razón para desbotar investigacións cuantitativas e incrementar técnicas de investigacións cualitativas para o estudo da inmigración e a emigración de retorno. A investigación cualitativa, en especial, a realizada a través da técnica de “historias de vida” permite captar dun xeito moito máis profundo as dificultades e limitacións dos inmigrantes de maneira que sirvan de indicador excelente para a programación de actividades con este colectivo. Sobre a emigración de retorno en Galicia son de especial interese bibliográfico para os traballadores sociais os textos de Álvarez Vilar (1997) e Izquierdo Escribano. Sobre a emigración de retorno en España destacan os traballos de J.B.Vilar (2003) e os levados a cabo pola equipa composta por C.Egea Jiménez, Rodríguez Rodríguez, Nieto Calmaestra (2004).

¹³ No ano 2003 retornaron a esta comunidade 8.663 emigrantes, o que supuxo o 18,58 % do total do retorno estatal. Véxase www.mtas.es/migraciones/guiaret/anexo1.htm. Puntualmente no ano 2004 a primeira comunidade autónoma do Estado en emigración de retorno foi Madrid, seguida novamente por Galicia, Cataluña, Andalucía e Valencia.

¹⁴ Pódese atopar unha análise máis detallada da distribución da poboación estranxeira en Galicia no artigo “Inmigración e Exclusión social” publicado neste mesmo número de *Fervenzas* por Elena Muguerza.

Os profesionais da intervención social teñen contacto con “inmigrantes” de entre os cales hai estranxeiros que presentan problemáticas específicas ligadas fundamentalmente aos permisos para residir e traballar en España.

Segundo a *Lei de estranxeiría* os estranxeiros teñen diferentes réximes de residencia en España que comportan determinados dereitos: *réxime comunitario* para os estranxeiros procedentes do Espazo Económico Europeo e *réxime xeral* para tódolos demais.

Dito isto, as problemáticas que presentan os “estranxeiros” varían dependendo a) das razóns polas que viñeron a España (traballo, estudos, xubilación, matrimonio, mellora da calidade de vida, procura de vida digna e con dereitos políticos, etc.); b) do réxime de residencia que teñan (comunitario ou xeral); c) da situación de regularidade ou irregularidade no país.

Os estranxeiros residentes *en réxime comunitario* presentan poucas problemáticas en Galicia e no resto de España¹⁵. En Galicia son fundamentalmente de nacionalidade portuguesa e residen na comunidade galega basicamente por razóns de traballo. Os estranxeiros residentes *en réxime xeral* teñen bastantes máis dificultades que os comunitarios:

- Problemas coa documentación: o permiso de residencia e de traballo son “temporais” e caducan. Teñen que renovalos ou marcharse. É sempre un profundo motivo de preocupación para eles.
- Problemas co traballo: España establece cupos para postos de traballo por un tempo limitado en sectores definidos tales como: hostalería, servizo doméstico, construción, sector agrícola, minería. Si un estranxeiro obtén o permiso de residencia asociado a un destes permisos de traballo non pode cambiar de sector profesional a non ser que tramite unha nova solicitude. Isto supón que persoas con altos niveles de formación se vexan “atrapadas” en sectores produtivos por debaixo de seu posible rendemento coa conseguinte frustración e ruptura de expectativas respecto ó *Primeiro mundo* no cal pretendían “vivir mellor” que no seu país de orixe. Por certo, os seus países de orixe son sangrados permanentemente nos seus recursos humanos ao perder a estes profesionais cualificados.
- Problemas coas vivendas. Non son poucas as veces en que non se lle aluga unha vivenda a un estranxeiro por desconfianza ou se lles esixe máis fianza que a un “autóctono”.
- Problemas co idioma. Coa comunicación verbal e coa non verbal diferente en cada cultura. Incluso para os iberoamericanos que falan español é complexo “comunicarse”: diferentes expresións, distinto humor, diversos referentes, etc. dificultan a transmisión clara de contidos e os malentendidos poden ser habituais.
- Preocupación polo reagrupamento familiar, as veces moi complexo.
- Problemas para comprender a Administración pública: en especial, Sanidade, Servizos sociais, Facenda...

Os *sen papeis* poden estar en situación “irregular”, entre outras circunstancias, por ter entrado ilegalmente no país ou por ter caducado o seu permiso residencia aínda

¹⁵. En España comeza a preocupar o colectivo de xubilados europeos, sobre todo no Levante español. Viven moi illados en pobos “de alemáns” “de ingleses”; non aprenden o español, non se integran coa sociedade de acollida e teñen problemas cando necesitan usar o Sistema sanitario ou os Servizos sociais (sobre todo asociados a Terceira Idade) en especial por problemas de idioma e de falla de coñecemento dos sistemas sanitario e social.

que entrasen legalmente en España. Aos *sen papeis* a *Lei de estranxeiría* garántelles ó dereito á sanidade de urxencia, a atención nos servizos sociais de atención primaria e a educación dos seus fillos no ensino obrigatorio. Sen embargo, non teñen dereito á asociación, á folga (a pesar de que normalmente traballan), aos servizos sociais especializados, á vivenda subvencionada, nin a outras situacións recollidas na *Lei de estranxeiría*. Polo tanto, non é de estrañar que os estranxeiros *en situación administrativa irregular* engadan a tódalas dificultades mencionadas ate agora novos problemas:

- O pánico a ser expulsados de España. Este medo procede de varias cuestións: a) teñen que devolver os cartos que lle foron prestados para poder pagar o pasaxe o noso país. Esta débeda, as veces contraída con mafias de tráfico de persoas -que poden ter ameazadas as súas familias no país de orixe- provocan que os estranxeiros detidos non as denunciem aínda que foran “estafados” por elas (sobre todo iberoamericanos e africanos). As mafias “presionan” a moitos estranxeiros reténdolles os seus pasaportes e obrigándoos a traballar para eles un tempo, en especial, na prostitución pero tamén en granxas (como se denunciou hai uns anos en Lugo), hostalería, etc. b) Aínda que non exista o problema anterior, ser expulsado do país sempre supón ter que regresar o lugar de orixe sen as expectativas cumpridas: para moitos estranxeiros isto supón unha situación altamente frustrante e incluso vergonzosa fronte a súa familia ou a súa comunidade.
- Traballo precario. Normalmente traballan “ao negro” en sectores produtivos moi duros: agricultura, minería, hostalería, prostitución onde fan moitas horas por salarios baixos. A pesar disto non poden sindicarse, nin ir a folga, nin asociarse, para deter esta explotación xa que estes dereitos non se lle recoñecen pola súa “irregularidade”. Os *sen papeis* tampouco adoitan denunciar a súa situación ante as autoridades xa que temen ser expulsados do país por non ter papeis.
- A vivenda. Complícase o seu aluguer pola irregularidade e xéranse bolsas de chabolismo e guetos.
- A sanidade. Non poden usala máis que en urxencias.
- Os Servizos sociais. Moitos estranxeiros non saben que teñen dereito á Atención primaria (as intervencións non poden ser especializadas xa que non teñen dereito). As veces identifican os Servizos sociais coa “Administración” que os pode expulsar e teñen medo a acudir a eles. Prefiren ir ós Sindicatos, a Cáritas, a Cruz Vermella e outras ONGs.

Sexan ou non estranxeiros hai toda unha serie de dificultades ligadas á inmigración e que hai que aumentar as xa comentadas ate agora:

- problemas emocionais ligados a separación das familias, dos amigos, da propia cultura: desarraigo, morriña, saudade, “o sentimento doloroso da distancia” como o denominaría Novóia Santos (Cit.Cabaleiro Goás, 1997:62).
- falta de lugares onde practicar as diferentes relixións, falta de lugares onde comprar comida da sociedade de orixe, falta de espazos lúdicos parecidos os do país de orixe
- problemas para a adaptación a cultura da sociedade de acollida, os hábitos, a comida, a relixión; en definitiva, illamento social, falta de participación social e problemas de integración social
- problemas de discriminación por motivos raciais (en especial, negros, árabes, asiáticos e indianos), relixiosos (en especial, islámicos), por criminalizar aos colectivos inmigrantes ao identificalos con delincuentes e terroristas, e por

culpabilizar aos estranxeiros dos problemas de paro, emprego precario, baixos salarios, etc. da sociedade de acollida.

2.- A INTERVENCIÓN SOCIAL CON POBOACIÓN INMIGRANTE EN GALICIA

Como Galicia foi dende sempre produtora de emigrantes e só no último quinquenio comezou a ter especificidade o fenómeno da inmigración, a intervención social, en sentido amplo, con poboación inmigrante é escasa e está pouco articulada na Comunidade autónoma. Isto non quita que existan actuacións específicas levadas a cabo polos Servizos sociais dalgún Concello ou incluso, en particular, pola súa Traballadora social, así como por algún centro educativo ou, en especial, por algún mestre. Tamén dende diferentes entidades e asociacións privadas se teñen levado a cabo actividades puntuais coa poboación inmigrante. Pero aínda subliñando a relevancia de todas estas experiencias, en Galicia aínda está por artellar unha *política social para a inmigración e a estranxeiría* e dende fai ben pouco se están a dar os primeiros pasos para a súa estruturación.

2.1.- A INTERVENCIÓN SOCIAL DENDE O ÁMBITO PÚBLICO

É por todos sabido que os **Servizos Sociais de atención primaria** son un servizo público de atención á cidadanía, caracterizado pola súa cercanía e a súa proximidade ós cidadáns. Un *lugar* onde, en primeira instancia, as persoas dan conta das súas necesidades, dificultades e problemas. Son, no caso que nos ocupa, o primeiro contacto dos inmigrantes coa Administración pública no que a *integración social*, en sentido amplo, se refire¹⁶.

Hai que indicar antes de nada que tódolos inmigrantes en España teñen dereito a ser atendidos nos Servizos sociais de atención primaria, sexan estranxeiros ou de nacionalidade española. En canto os Servizos sociais especializados, só se poden beneficiar deles os estranxeiros e inmigrantes que residan en España con tódolos seus papeis en regra. De entre os estranxeiros, aqueles que residen en España de maneira irregular só poderán utilizar os servizos sociais de atención primaria.


Tendo en conta a importancia dos servizos sociais de atención primaria para a poboación inmigrante, a antiga Dirección Xeral de familia promoveu en Galicia a chamada **Rede galega de atención ós inmigrantes**. Nesta *Rede* interveñen, entre outros, os Servizos sociais de diferentes Concellos, Sindicatos e entidades prestadoras de servizos sociais destinadas a atención do colectivo estranxeiro. Os organismos e entidades da *Rede* eran no ano da súa composición, en todo o ámbito autonómico: CIG, CITE-Galicia, UXT-Galicia e Cruz Vermella. A *Rede*, si se a analiza por provincias estaba composta nos seus inicios: na Coruña, por *Ecos do Sur*, Asociación *Antonio Noche*, Asociación *Renacer*, *Cáritas Diocesana Santiago-Vagalume*; en Pontevedra: *Cáritas Diocesana de Tui-Vigo*; en Lugo polo Concello de Burela, *Cáritas Diocesana de Lugo*, e a Deputación de Lugo; finalmente participaban na *Rede* en Ourense, o Concello de Ourense, o Concello de Xinzo de Limia e *Cáritas Diocesana de Ourense*.

Os **Programas desenvoltos** por esta *Rede* se expresaron en torno a catro eixes:

¹⁶ Obviamente os inmigrantes teñen un primeiro contacto coa Administración pública do Estado ao chegar a España no que respecta á xestión dos seus permisos de residencia e de traballo –de selo caso- ou a súa documentación de regreso definitivo. Non se vai a profundar aquí nos aspectos xurídico-legais da chegada dos inmigrantes.

- 1) o coñecemento da situación da integración social dos inmigrantes
- 2) campañas permanentes de sensibilización e pola convivencia intercultural e en contra do racismo e a xenofobia
- 3) Rede de información, orientación e asesoramento socio-laboral
- 4) Rede de acollida básica: aloxamento e atención integral a inmigrantes en situación de vulnerabilidade.

Analizados os programas da *Rede*, pódese dicir que a maior parte dos membros da *Rede* concretaron estes eixes en dous grandes bloques: por unha banda, a acollida da poboación inmigrante e a súa atención en casos de situación de vulnerabilidade acompañada a súa vez de información, orientación e asesoramento en cuestións relacionadas coa documentación, coa vivenda e coa inserción laboral; e por outra banda, as campañas de sensibilización respecto a inmigración e a interculturalidade para, en definitiva loitar contra o racismo e a xenofobia.



A *Rede* canalizou asemade actuacións conxuntas co Ministerio de Traballo e Asuntos sociais, a partir de subvencións anuais, para facilitala integración social dos inmigrantes, refuxiados solicitantes de asilo e desprazados, así como para levar a cabo un programa de acollida básica que facilitase o acceso dos inmigrantes ás prestacións e servizos sociais básicos, a unha vivenda digna e a súa inserción socio-laboral.

Dende hai uns meses se están a por en marcha en diferentes concellos de Galicia os denominados “*Departamentos de Migracións*” destinados a ofrecer información e asesoramento específico e polivalente á poboación inmigrante que se instala nos concellos galegos. Sería desexable, dende o meu punto de vista, que nestes “espazos” se puidera aglutinar, coordinar e especializar a atención á poboación inmigrante en Galicia con equipos interprofesionais compostos como mínimo -sempre ao meu xuízo- por un traballador/a social, un psicólogo/a, un avogado/a e un orientador/a laboral, capaces de ofrecer un servizo integral e polivalente¹⁷.

2.2.- A INTERVENCIÓN SOCIAL DENDE O ÁMBITO PRIVADO

¹⁷ Tendo en consideración as limitacións presupuestarias dos servizos sociais municipais este persoal podería reducirse a un traballador social e un avogado; sempre que se dispuxese, no mesmo concello, dalgún orientador laboral asignado á unha dependencia pública o cal se puidesen derivar os casos dos inmigrantes relacionados con estudos (homologación de títulos, por exemplo), a formación pre-profesional e a inserción laboral. Do mesmo xeito sería posible prescindir de ter un psicólogo a tempo completo si existise algún que cubrise as necesidades puntuais do *Departamento de migracións* cando se requirise.

Dende a iniciativa privada se teñen realizado en Galicia un número considerable de actuacións con poboación inmigrante e estranxeiros. Tres son, dende a clasificación que propoño, os tipos de “entidades” non públicas destinadas a prestar atención ó colectivo inmigrante sen ánimo de lucro: por unha parte, os **sindicatos**, por outra, **entidades de carácter social** como CÁRITAS ou a CRUZ VERMELLA, que dende o traballo social podemos distinguir das **pequenas asociacións** que cito por último. Entre as asociacións tamén caben subdivisións a partir do criterio do orixe dos membros asociados. Neste senso existen asociacións prestadoras de servizos á inmigrantes compostas por membros de orixe inmigrante; asociacións mixtas, ou sexa compostas por poboación inmigrante e autóctona; e por último, asociacións destinadas á atención con poboación inmigrante formadas exclusivamente por persoas autóctonas. En Galicia podemos atopar asociacións dos tres tipos, aínda que predominen as últimas.

2.2.1.- ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

En Galicia teñen prestado atención ao colectivo de inmigrantes, en especial os estranxeiros, as principais organizacións sindicais existentes no país: *Confederación Intersindical Galega* (C.I.G.); *Comisións Obreiras* (CC.OO.) a través de **CITE**, Centro de Información para Traballadores/as Estranxeiros; e a *Unión Xeral de Traballadores* (U.X.T.). Todas estas organizacións prestan servizos, en maior ou menor medida, tales como:

- Información xeral, asesoramento e xestión da documentación esixida aos estranxeiros que desexan vivir en España. En especial, permisos de residencia e de traballo, petición do número de Identificación de Estranxeiría (NIE), visados e exención de visados, solicitudes de reagrupamento familiar, en menor medida, petición de asilo político e de nacionalidade
- Asesoramento legal e asistencia xurídica. Estas organizacións teñen posto a disposición dos estranxeiros, a profesionais avogados; en particular, nos procesos de regularización, en relación con ordes de expulsión ou nas peticións de asilo
- Asesoramento e orientación laboral. En especial respecto ás obrigas e os dereitos dos traballadores, tipos de contrato, modificación de contrato, despido, etc.
- Intermediación laboral entre os traballadores estranxeiros e os empresarios
- Asesoramento respecto a asistencia sanitaria. En particular no que respecta ao dereito á asistencia sanitaria do estranxeiro e da súa familia, tipo de cobertura, finalización desta, etc.
- Información e asesoramento á hora de pretender homologar un título de estudos estranxeiros
- Cursos de galego e de español. “Alfabetización” da poboación estranxeira nos idiomas usados en Galicia; apoio na lectura e tradución de documentos, etc.
- Información xeral e variada: sobre a escolarización dos menores, a vivenda, etc.
- Campañas de sensibilización contra o racismo e a xenofobia

CITE (con oficinas en tódalas cidades de Galicia) ten destacado pola súa atención a estranxeiros de orixe africana e asiática, en particular á comunidade marroquí, así como pola súa implicación nos procesos de regularización, reagrupamento familiar e formación laboral dos estranxeiros. **CIG**, tamén existente por toda Galicia, pola súa banda, ten posta especial atención á poboación procedente do continente americano, sendo pioneira nos procesos de reclamacións de pensións ó estranxeiro e traballando

noutros eidos como as solicitudes de recuperación da nacionalidade perdida polos descendentes de emigrantes, peticións de nacionalidade, etc.

Dependendo das cidades, o desenvolvemento particular dos proxectos dun sindicato ou de outro varía. En todo caso, hai que aproveitar dende o Traballo social a inmensa labor realizada por estes axentes sociais respecto á poboación estranxeira, xa que a súa relación cos colectivos inmigrantes é das máis antigas no tempo e dominan, ademais, a información e o asesoramento destinados especialmente a inserción laboral dos inmigrantes. Como *debilidade* dos sindicatos –si se lle pode chamar así- pódese subliñar que se teñen dirixido principalmente, tal e como lles corresponde polo seu propio carácter, ós estranxeiros *traballadores*, e en particular, os traballadores sindicados, de xeito que queda fora das súas expectativas a atención aos familiares dos seus afiliados, aos estranxeiros xubilados, etc.


2.2.2.- GRANDES ENTIDADES DE CARÁCTER SOCIAL

De entre as entidades de carácter social de maior antigüidade en Galicia se atopa **CÁRITAS**. Entre os programas que desenvolve está o *Programa de integración social de inmigrantes* consistente en desenvolver diversas actividades como:

- Información xeral ó estranxeiro
- Asesoramento legal e asistencia xurídica ó estranxeiro. Esta organización ten posto a disposición dos estranxeiros avogados, en particular, nos procesos de regularización destes
- Cursos de formación profesional
- Cursos de galego e de castelán
- Campañas de sensibilización para toda a poboación en torno á inmigración

CÁRITAS ofrece ademais *axudas de emerxencia* ós estranxeiros en caso de extrema necesidade así como *vivendas de acollida* (p.e. Cáritas Interparroquial de Arousa ten unha casa de acollida con capacidade para dez persoas). O carácter das actuacións desenvoltas por esta organización segue a ser, dende o meu punto de vista, asistencialista.

CRUZ VERMELLA tamén desenrola actividades dirixidas especificamente á poboación inmigrante; de entre elas: actuación para a orientación profesional, a formación para o emprego, a intermediación laboral e o apoio a iniciativas empresariais. No marco do *Plan de Emprego*, desenvolveu o *Programa Interlabora* dirixido a persoas en risco de exclusión social, de entre as cales figuraba, entre outros, o colectivo de estranxeiros –inmigrantes e refuxiados-.



2.2.3.- ASOCIACIONES

Son importantes as actividades levadas a cabo en Galicia –e no resto do Estado español- por asociacións e ONGs de cara á inmigración. Todas soen por en marcha programas de información, asesoramento e orientación sobre documentación e traballo, así como cursos de idiomas, cursos de orientación pre-profesional e cursos de formación profesional. A maior parte das asociacións en Galicia conta con apoio xurídico para xestionar expedientes da poboación inmigrante e algunhas delas participaron nos procesos de regularización de estranxeiros existentes entre os anos 2000 e 2001 e no ano 2005. Ademais destes programas “xerais” e dependendo da capacidade de cada asociación, se teñen desenvolto en Galicia:

- campañas de sensibilización para a sociedade de acollida
- campañas de sensibilización en centros educativos
- apoio escolar a nenos inmigrantes
- campañas sanitarias de vacinación
- festas interculturais gastronómicas e musicais


Aínda que estas asociacións teñan feito grandes esforzos por coordinar as súas propias actividades, poucas conseguen realmente planificar intervencións sociais integrais para o colectivo de inmigrantes.

Con todo hai que resaltar a eficacia das *asociacións compostas por inmigrantes* que ademais de informar, asesorar e orientar sobre a documentación e o traballo e ofrecer asesoramento xurídico para estas situacións dispoñen de recursos informais dos cales se benefician os seus asociados, aproveitando as súas propias *redes migrantes*:

- axuda mutua para contrarrestar o desarraigo
- información actualizada sobre os seus países de orixe
- información sobre os procesos de votación dos seus países de orixe
- acceso a Internet para enviar correos electrónicos
- coidado dos nenos en horario laboral dos seus proxenitores
- soporte material ou económico en situacións de necesidade
- vivenda de emerxencia
- bolsas de emprego
- bolsas de aluguer de vivendas con propietarios non discriminadores
- creación de empresas cooperativas entre estranxeiros
- contratación por parte de estranxeiros autónomos de estranxeiros por conta allea
- formación de mediadores interculturais para aluguer de vivendas, conflitos no traballo, etc.
- organización de actividades de ocio: paseos, merendas, festas con comida propia, con música propia, etc.

En moitas ocasións, estas asociacións pretenden explicar as motivacións da súa migración á sociedade de acollida e transmitir os “valores positivos” da súa cultura: organizan conferencias sobre os seus países de orixe (política, economía, cultura, etc.) charlas en escolas e institutos, festas, e calquera outra actividade para mostrarlle a sociedade de acollida o universo cultural que poderían transmitir e que todos, acollidos e acolledores, poderíamos compartir.

As *asociacións compostas por inmigrantes*, a diferenza das *asociacións para inmigrantes* poñen tamén énfase en atender as necesidades emocionais que afectan profundamente a aquelas persoas que sofren desarraigo, illamento, saudade, explotación



pola súa condición de irregularidade administrativa no país, etc., a través das súas redes de apoio informal.

No eido das asociacións en Galicia podemos resaltar a labor realizada por **AIDA**, Asociación para a Integración e o Desenvolvemento Africano (Vigo), unha asociación composta maioritariamente por africanos “subsaharianos”. Pretende dar a coñecer á Comunidade galega a riqueza da cultura dos países africanos para, deste xeito, sensibilizar a sociedade de acollida sobre a necesidade da tolerancia e convivencia intercultural. As súas principais actividades son:

Para os membros de AIDA:

- Información e asesoramento sobre documentación de estranxeiría, cuestións legais, cobertura sanitaria, escolarización dos menores, etc.
- Axuda mutua entre os membros de AIDA: coidado dos menores, clases de apoio para o coñecemento da lingua, etc.

Para toda a Comunidade:

- Campañas de sensibilización en centros educativos galegos
- Celebracións de festas interculturais
- Presentación e guía polo Museo itinerante de arte africana

Non podemos esquecer o traballo realizado por **ECOS DO SUR**. Asociación mixta situada na Coruña que desenvolve, entre outras, estas actividades:

- Información e asesoramento sobre documentación de estranxeiría, cuestións legais, cobertura sanitaria, escolarización dos menores, etc.
- Cursos de castelán e galego
- Campañas de vacinación para menores estranxeiros
- Acollida de inmigrantes

Está a comezar a súa andadura en Galicia, a asociación **GALICIA ACOGE** que fai a súa presentación neste mesmo número monográfico de *Fervenzas*.

Existen outras moitas asociacións no Estado español dedicadas a intervención social con poboación estranxeira ou a loita contra o racismo e a xenofobia, así como a

promoción da interculturalidade¹⁸. De todas elas se pode aprender algo que sirva para unha mellor intervención social co colectivo de inmigrantes dende o traballo social¹⁹.

3.- ACHEGAMENTO PSICO-SOCIAL Á POBOACIÓN INMIGRANTE

3.1.- ETAPAS DO PROXECTO MIGRATORIO

Os programas de intervención social con inmigrantes da sociedade de acollida soen esquecer os aspectos emocionais de tan intensa relevancia para os inmigrantes.

Creo que isto ocorre porque nas sociedades de acollida a intervención social coa poboación inmigrante se pensa *dende o momento da chegada do inmigrante ao país de acollida* polo que a atención ao colectivo inmigrante se centra principalmente na documentación para a residencia e no traballo deixando nun segundo plano o resto das preocupacións e dificultades dos inmigrantes. Isto ocorre así, dicía, porque nas sociedades de acollida esquecemos que os **proxectos migratorios** dos inmigrantes teñen diferentes etapas e que todas elas inciden na estancia do inmigrante no país de acollida. *O proxecto migratorio comeza no país de orixe do inmigrante*. Alí o inmigrante vive e elabora 1) as súas motivacións para a saída (retorno ao país dos antepasados, fuxida por crise económica, procura de liberdades políticas, procura dunha xubilación máis doada, etc; 2) planifica a saída (venta de propiedades como casa, vehículo; “cesión” dos fillos ao coidado de outros; abandono de familiares e amigos, procura de traballo para o país de acollida; etc.); 3) planifica a viaxe (pide diñeiro para a viaxe ou reúne tódolos seus aforros, reúne documentación para saír, decide a onde ir, etc.).

A primeira etapa do proxecto migratorio, que comeza no país de orixe, vai a determinar en gran medida o segundo momento deste proceso: *a chegada ao país de acollida*. Cómo se chega (en avión, como turista, en patera, etc.) a ónde (a qué cidade ou pobo) así cómo onde se instala un a vivir (nun piso con outros inmigrantes, con familia, con amigos, só, etc.) e onde vai traballar –ou que vai a facer- son toda unha serie de cuestións que o inmigrante ten que afrontar antes e no momento preciso da súa chegada a España. Todas estas circunstancias van a condicionar a seguinte etapa do proxecto migratorio: *o inicio da estancia*. Este período está caracterizado por:

- o necesario reaxuste de expectativas; normalmente sempre máis altas do que a realidade mostra xa que o “soño” do Primeiro mundo non era tal.
- a necesidade de coñecer o idioma e/ou de comprender axeitadamente as expresións e referentes do idioma da sociedade de acollida para que a comunicación sexa óptima e os malentendidos mínimos
- o coñecemento e adaptación da cultura de acollida

¹⁸ Non quero deixar de citar o MOVEMENTO PARA A TOLERANCIA, entidade de ámbito estatal que promove campañas de sensibilización, entre outras, contra o racismo e a Xenofobia. Dispón de ampla Bibliografía e materias para a Educación na interculturalidade. Tampouco podemos esquecer a SOS RACISMO, asociación mixta con moitas “delegacións” en toda a xeografía española. Traballa en diferentes ámbitos: Oficina de Información e Denuncias (información, asesoramento e xestión de documentación de todo tipo); Área pedagóxica (campañas de sensibilización para a Sociedade de acollida, para toda a sociedade e en centros educativos); Área de investigación (coñecemento de procesos migratorios, etc.)

¹⁹ Atopárase abundante documentación sobre estranxeiría nas páxinas WEB destas asociacións e tamén na do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais-IMSERSO.

- o coñecemento das institucións do país de acollida; en especial do sistema sanitario e do sistema educativo, en especial para as persoas que traen consigo aos seus fillos
- a procura dunha vivenda
- a inserción laboral, etc.

Unha vez “asentado” no país de acollida podemos dicir que o proxecto migratorio chega a súa etapa máis longa: *a estancia no país de acollida* por un período de tempo indefinido que as veces se prolonga ata a xubilación. Nesta etapa as dificultades do inmigrante soen estar relacionadas con:

- a reagrupación familiar se non trouxo a súa familia consigo
- o desarraigo
- a saudade
- a *morriña*
- a necesidade de preservar a identidade e cultura propias (a gastronomía, a música, etc.)
- a necesidade de ter unha participación social normalizada (veciños, amigos, asociacións, actividade relixiosa, partidos políticos, etc.)

3.2.- A SATISFACIÓN EMOCIONAL

A análise das etapas do proxecto migratorio permiten que tomemos conciencia da importancia que para os inmigrantes teñen as dificultades de tipo “emocional” e do pouco que lle presta atención o Traballo social nas súas intervencións sociais.

As reflexións que aquí poño de manifesto teñen que ver coa articulación na práctica de modos e actuacións que promovan a satisfacción destes aspectos emocionais por parte dos inmigrantes. Por exemplo:

- se poden habilitar espazos de encontros (nos propios centros existentes xa nos pobos), onde se poida desenvolver de xeito case natural a apoio mutuo para contrarrestar o desarraigo e a saudade.
- alí, nos centros, se pode ofrecer algunha prensa estranxeira, comprando os periódicos ou imprimindo os principais periódicos dixitais dos países a onde pertenza o colectivo inmigrante máis numeroso da comarca.
- nestes mesmos espazos se pode ofrecer acceso a Internet de balde de xeito que os inmigrantes poidan manter contacto con familiares e amigos, comunicarse con eles e ler información actualizada sobre os países de orixe. Manter a comunicación cos próximos é moi importante pero tamén o son as noticias do país de orixe, en especial, en época de eleccións políticas.
- Se poden organizar nos propios centros cursiños de balde e actividades lúdicas (como en calquera centro que pretende “atraer” á xuventude, ás mulleres, etc). Neste senso se poden organizar paseos, excursións, merendas...
- Se lle pode pedir aos inmigrantes que organicen unha “festa” con comida e música autóctona invitando, por suposto aos veciños, ou propondo e promovendo que sexan as asociacións de veciños os que os inviten...
- Se lle pode solicitar aos inmigrantes que protagonicen charlas sobre os seus países, as súas costumes, as súas relixións, etc. que lles permitan o contacto coa sociedade de acollida en actividades “respectadas” e non sempre “depreciadas” como ó traballo precario, os seus problemas cos papeis.

Poden ser actividades sinxelas de organizar que, por unha banda, permiten o contacto intercultural, e por outra, fan “respectable” a inmigración ou polo menos ofrecen dela unha imaxe que vai máis alá do número de estranxeiros irregulares (que se soe asociar con “problemas”) e do número de “traballadores” aproveitables para a nosa fráxil economía (problemas para soste as pensións) ou a nosa baixa natalidade (aspectos ambos, *positivos* para nós pero que instrumentalizan aos inmigrantes). Temos que intentar concibir os inmigrantes como persoas en si mesmas, ademais de concibilas como “instrumentos” da nosa economía, dos nosos problemas de natalidade, do traballo que poden desenvolver no noso país, etc.

As intervencións sociais con inmigrantes teñen que ser realistas e ser conscientes do marco legal no cal se inscriben pero despois desta toma de conciencia para poder intervir dun xeito amplo temos que facer algo máis que intervir puntualmente e de xeito asistencialista en problemas de papeis, documentos, necesidades urxentes, etc. que se solventa con “recursos” institucionais. Esta parte, sendo necesaria, non é suficiente para que podamos chegar a falar de “integración social dos inmigrantes”. Para que a integración se afronte dende os seus fundamentos máis elementais non podemos esquecer os aspectos emocionais, psico-sociais, que estivemos a esbozar.

4.- SUXERENCIAS PARA A INTERVENCIÓN SOCIAL CON INMIGRANTES DENDE O TRABALLO SOCIAL

Se ben neste artigo quixen por de releve os aspectos emocionais, psico-sociais dos inmigrantes, non cabe a menor dúbida de que a intervención social con este colectivo ten que enmarcarse nun ámbito máis amplo. Por esta razón, presento, a xeito de conclusión, un *decálogo* que poida servir de guía para iniciar esta intervención específica.

- 1.- Coñecer e ter en conta o marco legal sobre estranxeiría e os límites que comporta para os inmigrantes e para o desenrolo do traballo que pretendemos levar a cabo.
- 2.- Descubrir os colectivos de inmigrantes da zona onde traballamos (e zona de influencia) e coñecer as súas problemáticas específicas. Comezar por documentarse sobre as características comúns do colectivo inmigrante e os seus problemas máis habituais.
- 3.- Contactar cos colectivos inmigrantes residentes na zona onde traballamos. Para coñecer as problemáticas específicas dos inmigrantes (Punto 2) ademais de documentarnos temos que tomar contacto cos inmigrantes e saber que é o que realmente están a necesitar. Isto supón: saír dos despachos, achegarse á comunidade inmigrante, contactar con ela (con especial atención ás persoas relevantes do colectivo), etc.
- 4.- Darlle voz aos inmigrantes. Hai que permitir e promover que sexan os inmigrantes os que expresen cáles terían que ser as intervencións sociais que eles consideran máis urxentes na zona. Xa haberá tempo para seguir logo con intervencións máis amplas e a máis longo prazo. En principio, trátase de elaborar un “diagnóstico común” entre o colectivo inmigrante e o traballador social tal e como se entende no Traballo social comunitario (J.M.Barbero e Ferran Cortés, 2005: 153-190) para tomar decisións conxuntas sobre a intervención profesional a levar a cabo.

Non se debe esquecer a importancia de saber qué é o que os inmigrantes consideran necesario e importante no contexto do colectivo inmigrante e no marco cultural específico o cal pertencen. As veces, dende os Servizos sociais, se planifican actuacións que se consideran moi “civilizadas” e “modernas” *para* eses inmigrantes que

veñen a vivir a “nosa sociedade” e que poden resultar absurdas e, por ende, ofensivas aos inmigrantes²⁰. Non é necesario incidir na carga paternalista existente na atribución a “nosa” sociedade de cualidades como a “modernidade” ou o “civismo” que parecen xustificar intervencións “educativas” *sobre* a poboación inmigrante. Tampouco é necesario subliñar que o profundo sentir –aínda que inconfesable– de que “nos” somos “mellores” que “eles” conleva unha forte carga racista (“eu son mellor”, “a miña cultura é mellor”, “*eles* son inferiores”, etc.)

5.- Planificar unha intervención social con inmigrantes máis ampla que a acción puntual para resolver problemas individuais concretos, aínda que comecemos por estes. Trátase de superar unha concepción asistencialista da atención ao inmigrante cunha intervención integral e non limitada ao Traballo social de casos.

6.- Pretender como finalidade unha real *integración social dos inmigrantes* (non a súa asimilación ou aculturación na sociedade de acollida; tampouco a súa reclusión en determinados barrios). Unha vez se produce a integración diminúe enormemente o número de carencias/necesidades/dificultades/problemas e conflitos que se poden orixinar nos colectivos inmigrantes cando estes permanecen illados, discriminados pola sociedade de acollida, vivindo en “guetos”, etc.

7.- Valorar con qué axentes sociais do entorno no cal se traballa se pode contar: ámbito sanitario (centro de saúde, persoal sanitario), ámbito educativo (escolas, institutos, asociacións de pais, equipos deportivos), ámbito laboral (Servizo de colocación), ámbito cultural (asociacións deportivas, clubs, asociacións culturais, etc), ámbito da participación social (asociacións de veciños, asociacións de inmigrantes, sindicatos, partidos políticos, etc.) para involucralos nun proxecto conxunto de “ben vivir”, de “*ben-estar*”. A consigna é: “sumando diminúense os esforzos e as intervencións profesionais poden ser máis amplas e integrais”.

8.- Contactar cons eses axentes sociais: sensibilizalos da situación e resaltar os aspectos positivos do proxecto dunha comunidade ben integrada así como das vantaxes da “evitación” de posibles futuros problemas. Tentar que cada un destes axentes teña unha participación activa e ampla no proxecto.

9.- Conseguir que os inmigrantes sexan non soamente os impulsores e promotores das actuacións a desenrolar cara á inmigración senón ademais hai que potenciar e conseguir que eles sexan os protagonistas da execución dos proxectos na medida do posible.

10.- Actualizarse teóricamente. Por suposto todo este proceso esixe os traballadores sociais e o resto dos profesionais implicados na atención ao colectivo de inmigrantes se esforcen en coñecer o colectivo co cal se está a traballar, profundice nas teorías sobre a

²⁰ Por exemplo en 2002 na Comunidade Valenciana planificouse unha Campaña informativa sobre hábitos hixiénicos do corpo con dípticos que se distribuíron entre estranxeiros. Nos dípticos se lles indicaban cousas tales como que tiñan que lavarse as mans antes de comer ou cepillarse os dentes despois das comidas. A Comunidade de magrebís lembrou aos responsables do Programa que na súa cultura a hixiene é un elemento central e que calquera sabe que nada máis levantarse da cama hai que lavarse a boca e cepillarse os dentes, non despois de tomalo café, senón antes de calquera outra actividade a realizar ese día. Polo demais lembrouse os españois que, ademais da ducha da mañá, para un magrebí é inconcebible irse para a cama sen terse lavado novamente os pes e os xenitais... Tamén se lembrou que dado que culturalmente a auga para eles é moi importante se poderían ter gastado os cartos en habilitar duchas ós magrebís das chabolas de El Ejido en vez de facer campañas, dende o seu punto de vista, *estúpidas*. O resto das comunidades estranxeiras, igual que a magrebí, estaban profundamente ofendidas: a comunidade iberoamericana lembrou que “antes de que os españois chegaran a América, eles xa tiñan auga e sabían para que usala”. Entre a polémica acabouse por lembrar que na década dos setenta en España aínda había moitas casas sen cuarto de baño... O programa tivo que ser retirado ao cabo dunha semana: non soamente resultara ofensivo senón que suscitou un conflito serio entre os inmigrantes do Levante e a sociedade de acollida. A prensa recollía impresións sobre si os “negros” ou os “mouros”, por exemplo, cheiraban mal...

inmigración e sobre as técnicas específicas de intervención profesional, en especial a mediación intercultural.

BIBLIOGRAFÍA

- AA.VV. (1994), *Extranjeros en el paraíso*. Barcelona, Virus.
- ÁLVAREZ SILVAR, G. (1997), *La migración de retorno en Galicia 1970-1995*. Santiago de Compostela, Ed. Xunta de Galicia.
- APARICIO, R. (Dir.) (1998), *Manual para el Diseño y Gestión de Proyectos de Acción Social con Inmigrantes*. Madrid, Ed. IMSERSO.
- BARBERO, J.M. y CORTÉS, F. (2005), *Trabajo Comunitario. Organización y desarrollo social*. Madrid, Alianza Editorial.
- BLANCO, C. (2000). *Las migraciones contemporáneas.*, D.L. Madrid, Alianza Editorial.
- CABALEIRO GOÁS, M. (1997), *Síndromes psicopatológicas condicionadas pola inmigración e emigración*. Santiago de Compostela, Ed. Xunta de Galicia.
- COLECTIVO IOÉ (1987), "Los inmigrantes en España". *Documentación social*, 66.
- COLECTIVO IOÉ (ACTIS Walter, PEREDA Carlos y PRADA Miguel Angel) (2002), *Inmigración, escuela y mercado de trabajo. Una radiografía actualizada*. Fundación La Caixa. Edición electrónica del libro en www.estudioslacaixa.es
- CRIADO, M.J. (2001). *La línea quebrada. Historias de vida de migrantes*. Madrid, Colección estudios.
- DE MIGUEL CASTAÑO, C. (2000), "Inmigración, Demografía y políticas de integración". En GARDE, J.A., *Informe 2000. Políticas sociales y Estado de Bienestar en España*. Madrid, Ed. Fundación Hogar del empleado.
- CHECA, F. (Ed.) (1998), *Africanos en la otra orilla*. Barcelona, Icaria.
- DE LUCAS, J. (1994), *El desafío de las fronteras*. Madrid, Temas de Hoy.
- EGEA JIMENEZ, C. y RODRIGUEZ RODRIGUEZ, V. (2004), «Tipos de retorno de los emigrantes jubilados. El caso de los emigrantes de la provincia de Jaén». *Actas del VII Congreso de la Asociación de Demografía Histórica*. Granada, 1-3 abril, 2004.
- GALVÍN, I y FRANCO, P. (EQUIPO CLAVES), (Coord. 1996), *Propuesta metodológica para el Trabajo Social con inmigrantes*. Madrid, Siglo XXI.
- GARRETA BOCHACA, J. (2003), *La integración sociocultural de las minorías étnicas (gitanos e inmigrantes)*. Barcelona, Anthropos.
- GÓMEZ GARCÍA, P. (Coord.) (2001), *Las ilusiones de la identidad*. Madrid, Frónesis.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2003), "La inmigración exterior en Galicia". *Papeles de Geografía*, 37, pp.155-164.
- IZQUIERDO ESCRIBANO, A. (1994) «Inmigrantes y minorías étnicas». En DEL CAMPO, SALUSTIANO (Ed.), *Tendencias Sociales en España (1960-1990)*, Vol.III. Bilbao, Ed. Fundación BBV.
- IZQUIERDO ESCRIBANO, A. (1996), *La inmigración inesperada (1991-1995)*, Madrid, Trotta.
- IZQUIERDO ESCRIBANO, A. (2003), *Inmigración, mercado de trabajo y protección social*. Madrid, CES.
- IZQUIERDO ESCRIBANO, A. y ÁLVAREZ SILVAR, G. (Coord., 1997), *Políticas de retorno de emigrantes*. A Coruña, Ed. Universidade de A Coruña.
- LACOMBA VÁZQUEZ, J. (1998), «Migraciones y Trabajo social Intercultural. Propuestas teóricas y metodológicas». *Revista de Servicios Sociales y Política Social*, Monográfico "Interculturalidad", nº 44, pp.33-53.

- MANZANOS BILBAO, C. (1999), *El grito del otro: Arqueología de la marginación racial. La discriminación social de las personas inmigrantes extracomunitarias desde sus vivencias y percepciones*. Madrid, Tecnos.
- MARTÍNEZ J.L. y APARICIO, R. (Eds.) (2005), *El Ciclo del Proyecto: Diseño, gestión y evaluación de proyectos de inserción social de inmigrantes*. Madrid, Ed.Universidad Pontificia Comillas.
- MARTÍNEZ VEIGA, U (1997), *La integración social de los inmigrantes extranjeros en España*. Madrid, Trotta.
- NAÏR, S. y DE LUCAS, J. (1997): *Inmigrantes. El desplazamiento en el mundo*. Madrid, Ed. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- PAJARES, M. (1998), *La inmigración en España. Retos y propuestas*. Barcelona, Icaria.
- RAMÍREZ GOICOECHEA, E. (1996), *Inmigrantes en España: vidas y experiencias*. Madrid, CES.
- RUIZ OLABÚENAGA, J.I., RUIZ VIEYTEZ, E.J. y VICENTE TORRADO, T.L. (1999), *Los inmigrantes irregulares en España. La vida por un sueño*. Bilbao, Ed.Universidad de Deusto.
- SOLÉ C. (1995), *Discriminación racial en el mercado de trabajo*. Madrid, CES.
- SOS RACISMO (Varios años), *Informe anual sobre el racismo en el Estado Español*. Barcelona, Icaria.
- TORRA BITLLOCH, M. (1998), «Escuela e inmigración». *Revista de Servicios sociales y Política social*, nº44, pp.105-117.
- VÁZQUEZ AGUADO, O. (2001), «Trabajo social e inmigración». En COLOM, D. y MIRANDA, M. (Dir., 2001), *Poblaciones y Bienestar II*. Zaragoza, Mira Editores; pp.15-36
- VÁZQUEZ AGUADO, O. (2003), “Violencia simbólica hacia los inmigrantes: la presencia de las diferencias culturales”. *Alternativas. Cuadernos de Trabajo social*, nº 10, pp. 357-368.
- VÁZQUEZ AGUADO, O. (2005), “Análisis de la Literatura Profesional en torno a la Inmigración y la Educación Intercultural 1982-2000”. *Servicios Sociales y Política social*, nº 65, “Trabajo social y salud II”.
- VERDE DIEGO, C. (2001), «Trabajo Social, inmigración y exclusión social: un análisis crítico del marco legislativo vigente y su incidencia en la intervención social». *CABS. Cuadernos Andaluces de Bienestar social*, nº 9, pp. 35-60.